

Anexo III. Modelo de programación de proba libre de módulos profesionais

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	IES LAMAS DE ABADE	SANTIAGO	2014-2015

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	IMAXE PERSOAL	CSIMP01	ESTÉTICA INTEGRAL E BENESTAR	SUPERIOR	LIBRES

Módulo profesional

Código MP	Nome	Horas
MPO749	MICROPIGMENTACIÓN	105

Profesorado responsable

Mª ESTHER LÓPEZ CALVO

Índice

Rexenerar co cursor no índice e premendo F9 (actualizar campos)

1. Identificación da programación	1
Centro educativo.....	1
Ciclo formativo	1
Módulo profesional	1
Profesorado responsable.....	1
2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación	3
2.1 Primeira parte da proba	3
2.1.a Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan	3
2.1.b Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado	3
2.2 Segunda parte da proba	3
2.2.a Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan	3
2.2.b Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado	3
3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación	4
4. Características da proba e instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento	4
4.1 Primeira parte da proba	4
4.2 Segunda parte da proba	5

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1 Primeira parte da proba

2.1.a Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1. Elabora a documentación previa á micropigmentación aplicando a normativa vixente
RA2. Descrición do protocolo nas instalacións, a moblaxe, os equipamentos e os medios necesarios, aplicando medidas de seguridade e prevención de riscos hixiénico- sanitarios.
RA3. Deseña maquillaxes correctivos utilizando as técnicas de visaxismo e colorimetría.

2.1.b Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Recoñeceuse a normativa que regula o exercicio da técnica de micropigmentación CA1.2 Identificáronse as partes do consentimento informado CA1.3 Especificouse a información comercial da clientela CA1.4 Seguíronse as pautas para deseñar a ficha técnica CA1.5 Planificouse un sistema de arquivo de empresas e organismos autorizados para as revisións técnicas e outros CA1.6 Analizáronse as acreditacións necesarias para o exercicio das actividades de micropigmentación
CA2.1 Dispuxéronse os equipamentos segundo os requisitos específicos dunha cabina de micropigmentación CA2.2 Determinouse o proceso de hixiene do equipamento e dos utensilios antes do proceso e despois deste. CA2.3 Aplicouse o método de desinfección segundo o grao de contaminación dos elementos. CA2.4 Sinaláronse as doenzas de transmisión por vía hemática. CA2.5 Valorouse a utilización de material dun só uso como medida de seguridade e hixiene. CA2.6 Diferenciáronse as zonas de almacenamento e xestión de residuos.
CA3.1 Identificouse a morfoloxía do rostro e doutras zonas corporais. CA3.2 Aplicáronse as bases da teoría da cor nas maquillaxes correctivas CA3.3 Identificáronse as alteracións cutáneas relacionadas coa micropigmentación CA3.4 Relacionáronse as técnicas de debuxo (tipo de liña, cor, etc.) co efecto final. CA3.5 Realizáronse deseños para efectuar as correccións necesarias a través da micropigmentación CA3.6 Especificáronse os criterios de selección de utensilios e cosméticos CA3.7 Xustificouse a corrección no traballo segundo a análise previa

2.2 Segunda parte da proba

2.2.a Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA4. Prepara a persoa usuaria seguindo a normativa e infórmaa sobre o proceso.
RA5. Realización da micropigmentación. (Celas, beizos, ollos, etc)
RA6. Determina a calidade do servizo valorando os resultados da aplicación del proceso

2.2.b Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA4.1 Establecéronse as pautas de información oral e escrita á persoa usuaria CA4.2 Especificáronse os datos necesarios para unha información pormenorizada CA4.3 Realizouse a proba de sensibilidade CA4.4 Efectuáronse probas de cor e visaxismo, tendo en conta as características morfolóxicas e persoais do usuario. CA4.5 Realizouse a proposta de tratamento. CA4.6 Establecéronse os criterios de preparación da cabina para a aplicación da técnica. CA4.7 Recoñeceuse a secuenciación na realización de técnicas previas á micropigmentación. CA4.8 Xustificouse a elección do dermógrafo e do tipo de agullas. CA4.9 Determináronse os parámetros do dermógrafo.

<p>CA4.10 Especificáronse as medidas de protección do profesional e do usuario pola normativa.</p> <p>CA4.11 Seleccionouse a cor polas características da zona de aplicación.</p>
<p>CA5.1 Determináronse as indicacións e precaucións na realización técnica.</p> <p>CA5.2 Xustificouse o deseño das correccións do usuario polas características do rostro e a súa expresión.</p> <p>CA5.3 Establecéronse os criterios de selección dos pigmentos e colorantes pola pel, os cabelos e os ollos.</p> <p>CA5.4 Relacionouse a colorimetría cutánea coas cores pigmento.</p> <p>CA5.5 Identificáronse as reaccións do pigmento fronte a acción de axentes externos.</p> <p>CA5.6 Seleccionáronse os cosméticos para os coidados anteriores e posteriores á micropigmentación, respectando as normas de seguridade e hixiene.</p> <p>CA5.7 Xustificouse a elección e a mestura de pigmentos.</p> <p>CA5.8 Relacionouse o tipo de agulla coa técnica de aplicación.</p> <p>CA5.9 Relacionouse a aplicación dos tipos de trazado e dos parámetros co deseño proposto.</p> <p>CA5.10 Xustificouse o protocolo de micropigmentación das distintas zonas faciais e corporais.</p> <p>CA5.11 Especificáronse as fases de realización da micropigmentación.</p> <p>CA5.12 Efectuouse a técnica de micropigmentación.</p> <p>CA5.13 Informouse a persoa usuaria sobre os coidados posteriores á aplicación do tratamento de micropigmentación.</p> <p>CA5.14 Asesorouse a persoa usuaria sobre o seguimento posterior ao proceso de micropigmentación.</p>
<p>CA6.1 Identificáronse os indicadores de calidade nos procesos de micropigmentación.</p> <p>CA6.2 Verificouse o grao de cumprimento dos protocolos establecidos.</p> <p>CA6.3 Avaliouse o grao de satisfacción do usuario respecto o tratamento</p> <p>CA6.4 Prevíronse as medidas correctoras para rectificar posibles desviacións de obxectivos.</p> <p>CA6.5 Utilizouse a linguaxe técnico adecuado ao nivel e á profesión</p> <p>CA6.6 Tomáronse medidas para comprobar a calidade do servizo.</p> <p>CA6.7 Resolvéronse os problemas plantexados no desenvolvemento da actividade.</p>

3. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

<p>Os descritos nas unidades do bloque de contenidos básicos do currículo. Para acadar a avaliación positiva deberá obter un mínimo de 5 puntos sobre 10 nas probas escritas.</p> <p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Proba teórica: para superala, é necesario resolver correctamente o 60% da proba, unha vez descontadas as preguntas incorrectas, equivalente a un 5. • Proba práctica: para superala, é necesario resolver correctamente o 60% da proba, equivalente a un 5. • Será necesario superar a proba teórica para poder presentarse á proba práctica. • Cuando non se supere a proba práctica, non se fará media, é dicir, será necesario superar ámbalas dúas probas para poder aprobar o módulo profesional. • A cualificación do módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en ámbalas dúas probas.

4. Características da proba e instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento

4.1 Primeira parte da proba

<p>Instrución xerais:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Rógase máxima puntualidade e infórmase que unha vez comezada a proba, ninguén poderá acceder á aula. • Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar en todo momento sobre a mesa para a verificación por parte do profesorado. • Para o acceso á aula onde se realizarán as probas, deberán apagarse todos os dispositivos electrónicos, incluído o teléfono móbil. O uso destes dispositivos durante a proba será obxecto de expulsión. • Unha vez comezada a proba, non poderá abandonar a aula ata pasados trinta minutos. • Sobre a mesa, soamente o material necesario e indicado para a realización dos exercicios. • As preguntas que aparecen catalogadas como "preguntas de reserva" serán contestadas na mesma forma que o resto de preguntas, en previsión de posibles anulacións de preguntas. Non teñen efectos de cualificación en primeira instancia, pero en caso de anulación de preguntas servirán para o cómputo da nota. • Ante calquera dúbida ou consulta, non abandonar o asento, levantar a man e será atendido polo profesorado.

• Se necesita un certificado de asistencia, solicítele á comisión.

• Queda totalmente prohibido sacar da aula o exercicio. Os exercicios eberán ser entregados completos ao profesorado.

• **Material para a proba:** bolígrafo azul ou negro, lápiz de cores.

Tipo de proba: resolución dun cuestionario elaborado con preguntas teóricas elaboradas a partir dos contidos do módulo e tendo en conta os resultados de aprendizaxe indicados no currículo.

4.2 Segunda parte da proba

Instrución xerais:

• Rógase máxima puntualidad e infórmase que unha vez comezada a proba, ninguén poderá acceder á aula.

• Será necesaria a identificación mediante o DNI ou pasaporte, que deberá estar en todo momento sobre a mesa para a verificación por parte do profesorado.

• Para o acceso á aula onde se realizarán as probas deberán apagarse todos os dispositivos electrónicos, incluído o teléfono móbil. O uso destes dispositivos durante a proba será obxecto de expulsión.

• Unha vez comezada a proba, non poderá abandonar a aula ata pasados trinta minutos.

• Sobre a mesa, soamente o material necesario e indicado para a realización dos exercicios.

• Ante calquera dúbida ou consulta, non abandonar o asento, levantar a man e será atendido polo profesorado.

• Se necesita un certificado de asistencia, solicítelo á comisión.

Tipo de proba: resolución práctica dunha serie de cuestións de tipo procedemental, que permitirán evidenciar a consecución dos resultados de aprendizaxe mediante a aplicación dos criterios de avaliación indicados para cada resultado de aprendizaxe no apartado 2.2.b "2ª parte da proba"

Características da proba:

Nesta segunda parte da proba presentáraselle aos aspirantes supostos prácticos e executalos. O tempo para a súa execución será dun máximo de 3 horas nunha única sesión. Os contidos esixidos nos supostos prácticos estarán relacionados cunha mostra significativa dos criterios de avaliación correspondentes a esta segunda parte da proba.

Para a realización de dita proba é imprescindible:

- uniforme de traballo,

- traer modelos masculinos ou femininos nos que se realizarán a proba práctica,

- todo o material necesario para executar a proba de micropigmentación.

- todo o produto cosmético necesario para a execución da proba de micropigmentación.

(O centro non proporcionará ningún material ou produto para a realización desta proba)